

6ª Edición 2025

Atlas **GALEGO** da Empresa **COMPROMETIDA**

GALICIA SMART BUSINESS



Economía Digital Galicia

Cuestionario



GALICIA SMART BUSINESS

ATLAS GALEGO DA EMPRESA COMPROMETIDA 2025

O **Atlas Galego da Empresa Comprometida** (AGEC) é unha ferramenta de investigación promovida por **Economía Digital Galicia** co obxectivo de determinar o compromiso das principais empresas galegas con respecto á súa contorna, sustentabilidade ambiental, as persoas e o bo goberno. Comezado en 2020, abordamos xa a 6ª edición.

O AGEC forma parte do proxecto **Galicia Smart Business** de Economía Digital Galicia, deseñado coa finalidade de impulsar iniciativas empresariais que melloren e potencien o tecido produtivo de Galicia ao tempo que contribúan á xeración de riqueza e á creación de emprego no territorio.

Os datos da enquisa procesaranse mediante fórmulas de ponderación matemática co fin de obter os índices de cada categoría coa que se configura o Atlas.

Agradecemos a súa colaboración.

INFORMACIÓN BÁSICA

Nome completo da empresa ou grupo empresarial:

.....

CIF:

Facturación 2023:

€

Facturación 2024:

€

Empregados 2023:

Empregados 2024:

PERSPECTIVAS

- 1. Como valora a súa empresa o contexto comercial internacional marcado pola reactivación de políticas proteccionistas, especialmente con Estados Unidos?**
(Seleccione unha resposta):

Percibímolo positivamente, como unha oportunidade para nós de expansión en novos mercados.

Pensamos que terá poucos cambios nas nosas operacións internacionais a curto e a medio prazo.

Xéranos inquedaanza, aínda que polo momento non afectou á nosa actividade.

Comezamos a percibir efectos negativos (aranceis, trabas loxísticas, perda de competitividade).

Está obrigándonos a reorientar a nosa estratexia internacional e a buscar mercados alternativos.

2. **Como se sitúa a súa empresa ante os recentes movementos xeopolíticos entre bloques, a escalada de violencia en Oriente Medio (conflito israelí) e a Guerra da Ucraína?** (Seleccione unha resposta):

É algo que non nos afecta realmente, xa que os nosos intereses económicos non se ven impactados.

Ainda estamos valorando o efecto real. Pensamos que si que nos vai a afectar, aínda que polo momento non sabemos como nin en que medida.

Si que ten efectos negativos na nosa actividade. Estamos xa establecendo mecanismos de cobertura para minimizar os impactos.

Está condicionando moi negativamente a nosa actividade. Está obrigando a abandonar a nosa estratexia de internacionalización.

3. **Á vista da conxuntura mundial, española e galega, cales son as expectativas que manexa a súa empresa para os vindeiros 12 meses?** Sinala a opción que considere máis probable:

Cremos que será un período de crecemento e expansión importante que propiciará unha oportunidade para novos proxectos e aumento de ingresos.

Esperamos un crecemento sostido e saudable que cree traballo e permita resultados satisfactorios.

Prevedemos unha certa ralentización que dificultará a expansión e a mellora de resultados.

Estimamos que se producirá un leve declive temporal da actividade co conseguinte efecto sobre a demanda e os resultados.

Cremos que hai unha alta probabilidade de entrar nun período de crise económica.

CATEGORÍA A. BO GOBERNO

Ética profesional

4. Código ético

Existe na organización un código ou ferramenta similar no que se expresen as expectativas respecto á ética no traballo?

SI

NON

Hai procesos e/ou ferramentas na organización para o seguimento do cumprimento das normas sobre comportamento ético, e un réxime sancionador específico?

SI

NON

Existen procesos específicos de información e transparencia da aplicación do código ético tales como poden ser a dispoñibilidade dun correo para a denuncia anónima ou canles de comunicación dos posibles casos de aplicación do código?

SI

NON

Comunica a empresa o código ético aos provedores e esíxelles o seu cumprimento?

SI

NON

5. Certificacións de carácter ético

Dispón a organización dalgunha certificación de carácter ético? Algunhas destas certificacións serían: a ISO 9001 de Código de Conducta e Ética, a ISO 37001 de Sistema de xestión para previr o suborno, UNE 19601-19602 Certificación de Prevención de delitos, Norma SA8000 da Empresa responsable, ou a SGE 21 de Sistema de xestión ética.

Non dispón de ningunha.

Si, dispón dunha.

Si, dispón de varias.

☐
☐
☐

Transparencia

6. Información pública. Está a seguinte información incluída no Informe anual público e/ou na súa páxina web?

Curriculum vitae dos membros do Consello de Administración e do Comité Directivo u órgano equivalente.	SI	NON
Retribucións do Consello de Administración e do Comité de Dirección, así como as indemnizacións por despedimento.	SI	NON
Plan estratéxico e plans e programas anuais e plurianuais.	SI	NON
Inventario actualizado do patrimonio.	SI	NON
Dominio ou estrutura de propiedade da empresa.	SI	NON
Informes de auditoría e control financeiro emitidos por empresas externas.	SI	NON
Previsión de balance e conta de resultados para o vindeiro exercicio.	SI	NON
Custos, ingresos e resultados dos distintos servizos, actividades ou liñas de negocio.	SI	NON
Principais investimentos do exercicio contable.	SI	NON
Subvencións e axudas en xeral recibidas de calquera institución pública.	SI	NON
Contratos e concesións recibidas de calquera institución de carácter público.	SI	NON

Gobernanza

7. Cuestións de gobernanza

Lévase a cabo unha avaliación anual do desempeño dos Órganos de Goberno da empresa?	SI	NON
Fan os Órganos de Goberno da empresa un seguimento sistemático das incidencias, riscos e oportunidades relacionados coa sostibilidade?	SI	NON
Hai nos Órganos de Goberno da empresa alguén con coñecemento e capacidade recoñecida en materia de sostibilidade?	SI	NON
Identifícanse os posibles conflitos de interese entre os membros dos Órganos de Goberno e a estratexia, modelo de negocio e obxectivos da empresa?	SI	NON

Obxectivos Desenvolvemento Sostible

8. Nivel de compromiso da organización co Pacto Mundial:

A empresa non está adherida ao Pacto Mundial da ONU.

A empresa está en proceso de adhesión ao Pacto Mundial da ONU.

A empresa está adherida ao Pacto Mundial da ONU.

☐
☐
☐

CATEGORÍA B. MEDIO AMBIENTE

Xestión ambiental xeral

9. Planificación medioambiental

Dispón a súa empresa dun plan de medidas e prácticas para minimizar o impacto negativo das súas operacións no medio ambiente e para fomentar a sostibilidade?

SI

NON

Identificou e avaliou a súa empresa os riscos que representa para a viabilidade da organización as consecuencias do quecemento global?

SI

NON

Conta a súa empresa con obxectivos específicos cuantitativos anuais para reducir a pegada de carbono derivadas das súas actividades?

SI

NON

Estableceu a súa empresa un ano obxectivo para alcanzar a neutralidade climática?

SI

NON

Conta a súa empresa con mecanismos para promover a conciencia ambiental entre as/os empregadas/os, capacitándoas/os nas prácticas e comportamentos sostibles?

SI

NON

Participa a súa empresa no fomento de prácticas sostibles de produción e consumo?

SI

NON

10. Relación coa natureza

Ten a empresa identificados os impactos das súas actividades no medio natural?

SI

NON

Estableceu a empresa medidas específicas para mellorar a súa relación coa paisaxe?

SI

NON

Estableceu a empresa medidas que contribúan á mellora da biodiversidade no seu territorio?

SI

NON

Avalía a empresa a efectividade das medidas implantadas para mellorar a súa relación co medio natural?

SI

NON

11. Certificacións ambientais xerais

Dispón a súa empresa da certificación ISO 14001 de Sistema de Xestión Ambiental?

SI

NON

Dispón a organización dalgunha certificación de xestión ambiental específica do seu sector de actividade?

SI

NON

Dispoñen os seus principais produtos da Etiqueta Ecolóxica Europea EEE – Ecolabel ou doutra de similar característica que garantan que foron elaborados baixo a política de produción e consumo sostible?

SI

NON



Pegada de carbono

12. Certificación de pegada de Carbono

Dispón a organización dalgunha certificación acreditativa dos procesos de medición da súa pegada de carbono? (exemplos: ISO 14064 de Verificación da Pegada de Carbono, as súas variantes ISO 14047 e ISO 14069, Norma PAS 2060, CeroCO2 Ecodes ou o Rexistro da pegada de carbono do Ministerio de Transición Ecolóxica).

Non dispón de ningunha.

Sí, dispón dunha.

Sí, dispón de varias.

☐
☐
☐

13. Emisión Gases Efecto Invernadoiro

Cal foi a redución anual das emisións de gases efecto invernadoiro durante o último ano?

Non sabemos.

Non conseguimos reducir as emisións.

Reducimos as emisións entre un 0,1% e un 5%.

Reducimos as emisións entre un 5% e un 15%.

Reducimos as emisións máis dun 15%.

☐
☐
☐
☐
☐

Enerxía

14. Fontes renovables

Porcentaxe da enerxía procedente de fontes renovables sobre o consumo enerxético total da empresa.

Non sabemos.

Entre un 0,1% e un 20%.

Entre un 20% e un 50%.

Máis dun 50%.

☐
☐
☐
☐

15. Eficiencia enerxética

Dispón a organización da certificación ISO 50001 relativa á xestión enerxética ou dunha certificación de natureza e lexitimidade similar?

SI

NON

Auga

16. Xestión da auga. En relación á auga, cal é a posición da súa empresa?

Temos un plan articulado a fin de reducir o consumo de auga.

SI

NON

Tomáronse medidas, ou están previstas, para introducir procesos de reutilización da auga e de redución das perdas e desperdicios.

SI

NON

Divúlganse na organización con frecuencia mensaxes entre o persoal que recordan as prácticas internas para racionalizar o uso da auga.

SI

NON

Dispón a organización da certificación da Norma 14046 de control da pegada hídrica?

SI

NON

17. Consumo de auga. Cal foi a variación anual do consumo de auga na súa empresa durante o último ano dispoñible?

Non sabemos.

Non conseguimos reducir o consumo.

Reducimos o consumo entre un 0,1% e un 5%.

Reducimos o consumo entre un 5% e un 15%.

Reducimos o consumo máis dun 15%.

Economía circular

18. A empresa ante a economía circular.

Utiliza a empresa principalmente insumos e envases reciclables ou de base biolóxica?

SI

NON

Búscase minimizar a xeración de residuos e maximizar o seu valor mediante a implantación de sistemas de reciclaxe eficientes e a integración dos materiais e outros recursos en novos procesos produtivos?

SI

NON

Búscase deseñar produtos que sexan duradeiros, reparables e reciclables?

SI

NON

Promóvese a prolongación do ciclo de vida dos produtos a través da reparación, reacondicionamento e remanufactura?

SI

NON

Exixe a empresa aos seus provedores que apliquen medidas de redución no uso de plásticos e materiais non reciclables e que introduzan nos seus procesos os principios propios da economía circular?

SI

NON

Residuos

19. Dispón a empresa da Certificación Residuo Cero ou outra de natureza e lexitimación similar en materia de economía circular?

Si

Non

20. Cal é a porcentaxe de valorización dos residuos xerados (isto é, destinados a reutilización, reciclaxe ou valorización enerxética)?

Non o sabemos.

Menos do 50%.

Entre o 50% e o 70%.

Máis do 75%.

CATEGORÍA C. CONTORNA

Provedores

21. Provedores na cadea de valor: Porcentaxe de provedores galegos cos que opera a empresa dentro da súa cadea de valor, isto é, no seu proceso produtivo.

Menos do 10%.

Entre un 10% e un 33%.

Entre un 33% e un 66%.

Máis do 66%.

22. Provedores en servizos auxiliares: Porcentaxe de provedores galegos de servizos auxiliares cos que opera a empresa (considerando os provedores de enerxía, obras, mantemento, seguridade, administración, loxística, legal ou limpeza)

Menos do 10%.

Entre un 10 e un 33%.

Entre un 33 e un 66%.

Máis do 66%.

Expansión mercado

23. Ventas fora de Galicia: Porcentaxe da facturación da empresa que procede de clientes residentes fóra de Galicia, xa sexa en CCAA españolas, países da UE ou países non comunitarios.

Menos do 20%.

Entre un 21% e un 40%.

Entre un 41% e un 60%.

Entre un 61% e un 75%.

Máis do 75%.

☐
☐
☐
☐
☐

Papel da sede

24. Que papel desempeña a sede da súa empresa en Galicia no conxunto da actividade da organización? Escolla a opción máis axeitada:

A actividade da empresa concéntrase integramente en Galicia.

A sede en Galicia xestiona o mercado galego e toma as decisións de expansión, pero a estratexia nos mercados exteriores a Galicia está descentralizada.

A sede en Galicia xestiona o mercado español e toma as decisións de expansión, pero a estratexia nos mercados internacionais está descentralizada.

A sede en Galicia define a estratexia de todos os mercados nos que está presente a organización.

A sede en Galicia, ademais de definir a estratexia, coordina e intervén na toma das decisións relevantes en cada mercado.

☐
☐
☐
☐
☐

Persoal en Galicia

25. Localización departamentos centrais: Porcentaxe do persoal pertencente aos órganos de dirección e aos departamentos de xestión ou soporte operativo central que se localizan en Galicia.

Menos do 25%.

Entre un 25 e un 50%.

Entre un 50 e un 75%.

Máis do 75%.

☐
☐
☐
☐

26. Localización produción: Porcentaxe do persoal de produción que se localizan en Galicia.

Menos do 25%.

Entre un 25 e un 50%.

Entre un 50 e un 75%.

Máis do 75%.

☐
☐
☐
☐

Axentes sociais

27. Relación coa sociedade civil. Respecto á relación da organización cos axentes sociais

(Universidades, ONGs, organizacións políticas e sindicais, asociacións culturais e deportivos, etc.)

A empresa elaborou un mapa dos principais axentes da sociedade civil en Galicia e/ou nos concellos galegos onde ten presenza.	SI	NON
A empresa aplica un programa periódico de relación e organización de actividades con axentes da sociedade civil.	SI	NON
A empresa ten acordos estratéxicos de colaboración asinados con axentes da sociedade civil.	SI	NON
A empresa habilita un orzamento periódico para desenvolver actividades compartidas con axentes da sociedade civil.	SI	NON
A empresa participa en programas de mecenado e/ou promoción vencellados á cultura propia de Galicia.	SI	NON

Variable: I+D+i

28. Cuestións de Investigación, Desenvolvemento e Innovación

Ten a empresa un plan plurianual de I+D+i e unha dotación orzamentaria anual definida para a súa actividade de investigación e innovación?	SI	NON
Existen na empresa obxectivos relacionados coa aplicación aos seus produtos e procesos dos resultados dos seus plans de I+D+i?	SI	NON
Hai na empresa programas de traballo de I+D+i relacionados coa sostibilidade?	SI	NON
Existe algún tipo de incentivo entre o persoal da súa empresa relacionado cos resultados derivados da actividade de I+D+i?	SI	NON
Existen alianzas estratéxicas ou colaboracións con institucións académicas ou centros de investigación en materia de I+D+i?	SI	NON

Lingua galega

29. Uso da lingua propia. Grao de uso da lingua galega na publicidade e a comunicación externa da empresa, na etiquetaxe dos seus produtos, na sinalética das súas instalacións e na prestación de servizos da empresa.

A empresa non usa a lingua galega ou faino de xeito testemuñal.	
Úsase o galego como lingua secundaria.	
Úsase o galego como lingua principal.	
O galego é practicamente a lingua exclusiva da empresa.	

CATEGORÍA D: PERSOAS

Condicións laborais

30. Contratos fixos: Porcentaxe sobre o total de empregados dos contratos fixos a tempo completo.

%

31. Certificación Seguridade no traballo

Dispón a organización dalgunha certificación acreditativa da xestión da Seguridade e Saúde no Traballo como pode ser a ISO45001?

SI

NON

32. Formación. Número de horas de formación media por empregado durante o último ano.

Integración

33. Contratación persoal con discapacidade. Número de persoas contratadas na empresa a decembro 2024 con algún grao recoñecido de discapacidade.

34. Accesibilidade

Conta a empresa con algunha certificación que acredite a adaptación das súas instalacións a persoas con algún tipo de discapacidade como sería a UNE 170001 Certificación de Accesibilidade Universal?

SI

NON

Igualdade e conciliación

35. Xestión da igualdade. Sobre as políticas activas para acadar a igualdade de xénero entre o persoal:

Ten a organización un plan propio para lograr a igualdade de xénero nos seus órganos de goberno?

SI

NON

Ten a empresa un Plan ou Programa de Igualdade dirixido a identificar e eliminar casos de discriminación laboral por motivo de xénero?

SI

NON

Comunica a retribución media por categorías laborais e realiza un seguimento das posibles desigualdades por xénero?

SI

NON

Ten establecidas medidas para fomentar a conciliación de vida familiar e profesional?

SI

NON

Permite a empresa o teletraballo para a maioría do persoal cuxo desempeño non requira obrigadamente da presenza física?

SI

NON

36. Mulleres directivas

Proporción de mulleres que forman parte do comité de dirección.	%
Proporción de mulleres que forman parte do consello de administración.	%

Participación

37. Participación efectiva dos traballadores e traballadoras na evolución da empresa.

As traballadoras e traballadores toman parte na definición dos obxectivos xerais da organización.	SI	NON
As traballadoras e traballadores participan na valoración do desempeño do equipo directivo.	SI	NON
As traballadoras e traballadores son consultados na definición dos perfís para selección de persoal e na cobertura de vacantes internas.	SI	NON
As traballadoras e traballadores participan na programación das accións sociais coa comunidade.	SI	NON
As traballadoras e traballadores reciben retribución variable en función dos resultados da empresa.	SI	NON

Sobre a Intelixencia Artificial (IA)

38. Como evolucionou a presenza da intelixencia artificial na súa empresa durante os últimos 12 meses?

A empresa segue sen empregar IA e non ten previsto facelo a curto prazo.	
Iniciamos unha avaliación formal sobre o uso da IA, pero sen aplicacións concretas aínda.	
Pasamos de experimentar con solucións limitadas a integrar a IA nalgúns procesos ou áreas específicas.	
Estendemos o uso da IA a máis áreas da empresa e comezamos a considerala parte importante da estratexia.	
Xa tiñamos unha implantación significativa e consolidámola como elemento clave da operativa e da innovación.	
Retrocedemos no uso da IA debido a dificultades técnicas, falta de retorno ou outros obstáculos.	

Moitas grazas pola súa participación.